

## *Bernardo e a noite de Samaín*

Rubén Bértoa Sánchez

1ºA

Había unha vez un neno de once anos que, cada vez que lle contaban a historia da Santa Compañía, botaba a rir. Pero un día, que non era outro que o día do Samaín e había lúa chea, o seu avó e mailo neno, que por certo chamábase Bernardo, foron por todo o barrio petando nas portas para que lle disen lambetadas. Faltáballe unha casa por petar pero o avó non quería ir porque estaba ao lado da igrexa e antes da igrexa estaba o cemiterio. Esa casa era do cura Evaristo. O avó díxolle a Bernardo que era moi tarde e que tiñan que ir para casa.

- *Pero avo, aínda nos queda a casa do cura Evaristo- díxolle Bernardo*
- *Parvadas avó, iso só é unha historia- aclaroulle Bernardo.*

O avó e Bernardo foron a casa do cura Evaristo, pero antes pasaron por diante do cemiterio e nel escoitábase ruído pero eles seguiron andando.

- *Bernardo, apura un pouco ho,- díxolle o avó.*

Cando pasaron por diante da igrexa escoitábase berrar, cantar e falar, pero de novo seguiron camiñando. Cando por fin chegaron á casa do cura, petaron á porta, pero ninguén lles veu abrir.

O avó díxolle a Bernardo que non estaba e que marchaban para casa.

De volta a casa, cando ían preto da igrexa, viron ao cura dando voltas arredor da igrexa e detrás del seguían os mortos que resucitaran das súas tumbas.

- *Señor Evaristo, que fai dando voltas arredor da igrexa e con eses mortos detrás e que parece parvo?- preguntoulle Bernardo*
- *É a Santa Compañía - exclamou o avó.*
- *Avó, agora si que che fago caso. Ven cara aquí. Corre! - exclamou Bernardo.*

O avó logrou escapar e Bernardo foi atrapado e Evaristo deulle a cruz.

Bernardo non sabía o que ía pasar e devolveulla ao cura, este deulla outra vez e fíxolle un meigallo. Ao facelo, o cura morreu e Bernardo desde ese día é o que leva a cruz na Santa Compañía.

Contan que o avó morreu ao día seguinte e que Bernardo, os días de lúa chea, ás doce en punto, sae da casa para ir coller a cruz da Santa Compañía e ir dar voltas cos mortos á igrexa.